

AXUDAS Á INVESTIGACIÓN UDC 2020

RESOLUCIÓN DEFINITIVA DE AXUDAS CONCEDIDAS PARA ACCIÓNS DESENVOLVIDAS NO SEGUNDO SEMESTRE DO 2019

C.I. : 20/04/2020

Debido á situación ocasionada polo COVID-19, esta Vicerreitoría resolveu deixar sen efecto o prazo do 31 de marzo de 2020 establecido na convocatoria de axudas á investigación UDC 2020, e instituír no seu lugar o do 30 de xuño de 2020, con análogos efectos. Porén, varias das solicitudes que se tiñan recibido ao abeiro desta convocatoria (estadías posdoutorais e apoio á atracción de talento) referíanse a accións xa desenvolvidas no segundo semestre do 2019, polo que non están en modo algún condicionadas polo estado de alarma que estamos a vivir.

Por elo, unha vez comprobada a documentación polo Servizo de Investigación, e revisadas as solicitudes desta natureza pola Comisión de Investigación, delegada do Consello de Goberno, na súa reunión telemática do día 20 de abril de 2020, Salvador Naya Fernández, presidente da Comisión e conforme ao acordado na antedita reunión, en aplicación do previsto nas bases da convocatoria de Axudas á Investigación 2020,

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar a proposta definitiva das axudas concedidas que se relacionan no ANEXO I.

Segundo. Publicar a proposta de resolución no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da Sede Electrónica da UDC (https://sede.udc.gal/services/electronic_board) e na páxina web da Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia:

https://www.udc.es/gl/investigacion/convocatorias_udc/axudas-2020.html

Terceiro: O pagamento realizarase de acordo co establecido no apartado de “procedemento para o pagamento” estipulado para cada unha das accións da convocatoria. Aos beneficiarios das estadías que xa se tiveran realizado na data desta resolución que remiten a esta vicerreitoría a documentación sinalada na convocatoria para o pagamento do 30% final da axuda, aboaráselle o 100% do importe concedido.

Código Seguro De Verificación	1B5nwVvqEEkm16o1+f3Qkw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Salvador Naya Fernández - Vicerr. de Política Científica, Investigación e Transferencia	Asinado	08/05/2020 09:08:57
Observacións		Páxina	1/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/1B5nwVvqEEkm16o1+f3Qkw==		



O incumprimento por parte das persoas beneficiarias de calquera das bases establecidas na convocatoria suporá a perda do dereito a percibir a axuda correspondente, ou o reintegro da mesma.

Cuarto. Contra esta resolución, as persoas interesadas poderán interpor un recurso de reposición perante o reitor, no prazo dun mes, consonte co establecido no artigo. 123 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015), que comezará a contar a partir do día seguinte á publicación desta resolución no TEO da sede electrónica da UDC

A Coruña, 07 de Maio de 2020

Salvador Naya Fernández

Vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia

Código Seguro De Verificación	1B5nwVvqEEkm16o1+f3Qkw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Salvador Naya Fernández - Vicerr. de Política Científica, Investigación e Transferencia	Asinado	08/05/2020 09:08:57
Observacións		Páxina	2/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/1B5nwVvqEEkm16o1+f3Qkw==		



PROPOSTA DEFINITIVA DE AXUDAS Á INVESTIGACIÓN 2020
PARA ACCIÓNS DESENVOLVIDAS NO 2019

ESTADÍAS POSDOUTORAIS DE INVESTIGACIÓN

SOLICITUDES ADMITIDAS

SOLICITANTE	DESTINO	DATA INICIO	DATA FIN	AXUDA PROPOSTA
López Rodríguez, Jesús	Machala (Ecuador)	11/10/2019	14/12/2019	3.155,00 €
Moncunill Solé, Blanca	Italia (Roma)	16/10/2018	31/12/2019	0,00 €*
Pérez Sánchez, Yolanda	Francia (París)	01/08/2019	30/08/2019	1.620,00 €

*Xa recibiu axuda para esta mesma finalidade na convocatoria de axudas UDC 2019

APOIO Á ATRACCIÓN DE TALENTO

SOLICITANTE	DESCRIPCIÓN	PROPOSTA AXUDA
López Cheda, Ana	Desprazamento Oporto-A Coruña 16/11/2019	80,79 €

Código Seguro De Verificación	1B5nwVvqEEkm16o1+f3Qkw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Salvador Naya Fernández - Vicerr. de Política Científica, Investigación e Transferencia	Asinado	08/05/2020 09:08:57
Observacións		Páxina	3/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/1B5nwVvqEEkm16o1+f3Qkw==		

